

ORALIDADE

COPLAS NECESARIAS PARA O EXERCICIO 6

* Co mapa da Península:

Somos de **Galicia** somos,
non se nos pode negar,
que se nos nota na fala
e no xeito de cantar.

Co mapa da Península, preguntaremoslles onde vivimos nós.

* Co mapa de Galicia dividida en provincias:

A Coruña dá xurelos
e **Pontevedra**, canteiros;
Lugo, ricos nabos
e **Ourense**, os paraugueiros.

Co mapa de Galicia, preguntaremoslles onde está cada provincia.

* Cos mapas das provincias:

1. A Coruña


Ao pasar por **Camariñas**,
por Camariñas, cantando,
as nenas de Camariñas
quedan no río lavando.

En **Rianxo** hai unha barca
que lle chaman Manuela:
en toda a ría de Arousa
non hai barca coma ela.

Se me deran a escoller,
non sei o que escollería:
se entrar na **Coruña** de noite,
ou entrar na Coruña de día.

Aínda que son das Mariñas,
das Mariñas de **Betanzos**,
aínda que son das Mariñas,
non che vendo garavanzos.

Viva Noia, viva **Noia**,



Museo do Pobo Galego

terra onde me criei.
Viva San Xoán de Baiona,
onde eu amores tomei.

As mociñas de **Arzúa**,
eu direi como elas son:
delgadiñas da cintura
e alegres de corazón.

Elas sonche de Laíño,
elas de Laíño son:
collen o xunco nas brañas,
vano vender a **Padrón**.

2. Pontevedra

Xa fun a **Marín**,
xa pasei o mar,
xa comín laranxas
do teu laranxal.

O gaitero de **Soutelo**
foi tocar a **Redondela**:
perdeu a gaita no monte
e agora chora por ela.

O cura de **Vigo** é xastre,
o de **Porriño** zoqueiro,
o de Ourense afiador,
o de **Tui** casamenteiro.

Vivan elas, vivan elas,
as neniñas de **Combarro**,
que me deron de beber
nunha cunquiña de barro.

Vexo **Vigo**, vexo **Cangas**,
tamén vexo **Redondela**;
vexo a **ponte de San Paio**
camiño da miña terra.

3. Lugo

Catro vellos mariñeiros,
todos metidos nun bote:
voga, voga, mariñeiro,
imos pra **Viveiro**,
xa se ve San Roque.

Hei de ir ás segas a **Lugo**
e hei de levar a galega:



do Pobo Galego

de día sego nas pallas,
de noite durmo enriba delas.

Se ti viras o que eu vin
na feira de **Monterroso**:
vintecinco xastres xuntos
a cabalo dun raposo.

Son de **Meira**, son de Meira,
teño amores en San Cosme:
o que ten amores lonxe
non sei como sono dorme.

Sáíron de **Guitiriz**,
segundo dito levo,
e chegaron a **Parga**
todos no tren do correo.

Verán un caso chocante
nas montañas do **Cebreiro**,
con unha nena ben feita
que casou con un gaiteiro.

4. Ourense

O cantar do arrieiro
é un cantar moi baixiño:
cántano en **Ribadavia**,
resoa no **Carballiño**.

Monterrei está no alto
e **Verín** está no baixo:
Nosa Señora da Estrela
está nun campiño raso.

Se te casas en **Ourense**,
pide a proba primeiro
da cacheiriña do porco
mais do viño do Ribeiro.

Viva **Ourense**, viva Ourense,
así dixo un artista.
Viva Ourense, viva Ourense,
que é a terra da chispa.

Unha noite triste, escura,
sentín cantar *i* escoitei:
eran os mozos de Oímbra,
que viñan de **Monterrei**.

Camiño de **Celanova**,



Museo do Pobo Galego

camiño de Cortiñán,
onde se segaba o viño
e se vendimaba o pan.

Co mapa de cada provincia, preguntaremoslles onde están as localidades nomeadas nas coplas.



Museo do Pobo Galego